

TEMA 1: PROPIEDADES DO TEXTO

O texto é unha unidade comunicativa complexa emitida intencionadamente por un falante nunha situación concreta. Pode ser oral ou escrito e debe ter un significado pleno, isto é, un sentido completo e ser autónomo desde o punto de vista lingüístico.

Extratextual: ADECUACIÓN

Textual: COHERENCIA E COHESIÓN

Verbal (dá conta das particularidades do uso da lingua)

➤ **ADECUACIÓN** (nivel extratextual): Propiedade segundo a cal o texto adáptase á situación comunicativa.

Autopreguntas: Quen produce o texto? Con que intención? A quen se dirixe? En que situación se atopan ambos?

Aspectos a ter en conta:

a) Presentación: tipografía (tipo de letra, negriña, cursiva...); disposición (marxes, espaciados, columnas...).

b) Propósito: intención comunicativa (obxectivismo, subxectivismo, informar, declarar, preguntar..)

c) Rexistro: relación entre emisor e receptor (de superioridade, de igualdade, relación institucional, de distanciamento, de proximidade...)

d) Xénero: convenções formais dos xéneros.

➤ **COHERENCIA** (nivel textual): Propiedade que fai que un texto se interprete como unha unidade de información na que todos os elementos se relacionan para conseguir un significado global. A coherencia determina a cantidade de información que un texto debe transmitir e tamén a forma de facelo: en que orde, con que estrutura...

Preguntas: Cal é o contido global do texto? De que temas trata? Que relación existe entre eses temas? A que tipo de texto pertence?

Aspectos a ter en conta:

a) Información: Un texto para ser coherente debe ter un tema ou idea global. Os parágrafos dun texto relaciónanse entre si porque tratan diferentes aspectos do tema. A ordenación dos parágrafos dá lugar á estrutura do mesmo.

A coherencia supón un esforzo de selección e organización. Un texto é coherente cando os elementos que o forman manteñen unha relación de conexión. Para iso existen unas regras:

Regra da repetición: O tema vaise retomando ao longo do texto (sinónimos, campos conceptuais...)

Regra de progresión temática: Todo o texto debe desenvolverse achegando novas información.

Regra de non contradición: Os enunciados non deben contradicirse.

Regra de relación: Os temas deben ter relación co mundo imaxinario ou real que presenta.

b) A estrutura. É a organización da información, é dicir, a orde en que aparecen as ideas. Esta debe ser progresiva e seguir un plan previo para evitar os defectos típicos (falta de orde, repetición innecesaria, mestura de ideas...)

Existen diferentes tipos de estrutura:

-Analizante (método deductivo): O punto de partida é unha tese que vai desenvolvendo ou exemplificando ao longo do texto.

-Sintetizante (método indutivo): É inverso ao anterior. A idea fundamental áchase ao final como conclusión.

Algúns textos teñen establecido unha orde ou estrutura, como por exemplo unha carta comercial, unha noticia...

➤ **COHESIÓN:** (nivel textual): Propiedade do texto que permite organizar as ideas contidas en oracións e parágrafos nunha secuencia lóxica, ordenada e fácil de entender, para iso emprega procedementos lingüísticos (semánticos e sintácticos)

Preguntas: Aprécianse distintas partes no texto? Que relación hai entre elas? Que elementos gramaticais favorecen a cohesión?

A coherencia é semántica e a cohesión gramatical. Son interdependentes.

MECANISMOS DE COHESIÓN:

a) Recorrenza interna: reiteración e paráfrase

As **reiteracións** poden ser de varios tipos:

1. Reiteracións léxicas: Ex: Teño dous coches, un vermello e o outro negro. O negro é o máis rápido.

2. Repeticións mediante sinónimos: Substitución dunha palabra por un sinónimo.

Ex: A exposición da arte galega deste ano déuselle moito apoio desde as institucións. Iso axudou a que a mostra tivese máis éxito ca en edicións anteriores.

3. Recorrenza hiperonímica: consiste no emprego de hiperónimos do elemento léxico que se pretende repetir:

Ex: As laranxeiras e os limoeiros hainos que protexer da xeadada xa que estas árbores son moi delicadas.

A paráfrase: baséanse na reiteración dun elemento do texto mediante unha frase que o define:

Ex: Os cidadáns visitan as bibliotecas cada vez con maior asiduidade. Estes berces de cultura deberían estar mellor atendidos polo Concello.

b) **A substitución e a elipse.**

A substitución é a reiteración dun determinado componente lingüístico textual mediante unidades específicas que cumpren esa función substitutiva. Hai varias posibilidades de substitución:

1. Mediante **proformas léxicas**, que poden ter valor nominal ou verbal.

Ex: Onte, ás seis da tarde, produciuse un accidente de gravidade na estrada xeral. *O feito* foi provocado polo mal estado do pavimento e pola choiva.

Os estudantes non foron á clase durante a semana. *Fixérono* en sinal de protesta pola suba das taxas da matriculación.

Nestes dous casos, feito e fixeron son proformas léxicas con valor nominal e verbal respectivamente, xa que substitúen un substantivo (accidente) e a un verbo (ir).

2. Outro procedemento de substitución, neste caso gramatical, xa que son elementos gramaticais capacitados para facelo os que se manexan, consiste no emprego de **pronomes**: persoais (de terceira persoa), demostrativos, indefinidos, relativos, posesivos, etc.

Ex: Bernardo e Paula atopáronse aquela tarde e faláron polo menos durante catro horas sen parar. Non se vían dende había moitísimo tempo. El estivera en Lisboa rematando a tese de doutoramento e ela daba clases de galego en Londres. Ambos chegaran á cidade o sábado.

Os pronomes se, el e ela, así como o indefinido ambos substitúen os substantivos Bernardo e Paula.

3. Tamén se poden producir substitucións por **proadverbios**:

Ex: Cando comezou o curso non pensei que fose suspender. Daquela tiña un proxecto de estudo elaborado que eu consideraba infalible.

Neste caso o proadverbio daquela substitúe a un complemento circunstancial de tempo en función adverbial.

A elipse consiste a supresión de elementos que aparecen con anterioridade no texto. Pode ser de dous tipos: **nominal** (cando o elemento elidido é un nome ou unha frase nominal) e **verbal** (cando se elide un verbo ou unha frase verbal).

Ex: O traballo de hoxe habémolo rematar nun par de horas, pero o (O) de mañá xa nos ha levar algún tempo máis.

Primeiro cómese o entrante, despois (O) o primeiro prato e finalmente (O) a sobremesa.

Nestes casos, está elidido o substantivo traballo e o verbo cómese, respectivamente.

A recorrencia, a paráfrase, a substitución e mais a elisión cohesiva poden ser anafóricas ou catafóricas dependendo de se van antes ou despois do elemento substituído ou elidido.

Ex: Eles nunca perdían as festas da súa vila. Tanto Charo como Paco vivían lonxe, pero facían todo o posible para regresar nesas datas.

Neste último exemplo a substitución é catafórica porque o pronome substitutivo (eles) aparece antes de que se coñeza o referente (Charo e Paco)

c) Marcadores discursivos: Conectores textuais: os conectores, enlaces ou marcadores textuais son unha serie aberta e heteroxénea de partículas lingüísticas (adverbios, conxuncións, locucións adverbiais ou conxuntivas...) que serven para indicar as relacións entre as ideas dun texto e organizar as partes do mesmo e non teñen función sintáctica. O número de conectores é moi amplo. A continuación, indicamos os máis comúns coas súas respectivas función:

- **Introdución:** en principio, para comezar, antes de nada...
- **Organización:** primeiro, en primeiro lugar, primeiramente, en segundo lugar, a continuación, posteriormente...
- **Peche:** finalmente, por último, para rematar...
- **Continuación:** pois ben, neste sentido, entón...
- **Tematización:** canto a, a propósito de, a respecto de...
- **Distribución:** por un lado, por outro; dunha banda, doutra...
- **Adición:** ademáis, e, incluso, do mesmo xeito, tamén, despois, igualmente, por outra banda.
- **Contraste:** pola contra, non obstante, pero, mais, con todo, agora ben, así e todo, por outra banda...

- **Semellanza:** de modo semellante, de igual maneira, igualmente, de xeito similar...
- **Explicación:** isto é, é dicir, ou sexa, noutras palabras...
- **Certeza:** de feito, evidentemente, é evidente que, en realidade, claro...
- **Causa e consecuencia:** polo tanto, por conseguinte, en consecuencia, daquela, por mor de, así, entón, pois, xa que logo, por iso, de xeito que, así que...
- **Espazo-temporais:** por riba, no centro, á dereita; antes, mentres que, mentres tanto, de súpeto, máis tarde, despois, deseguido, sempre que, así que...

EXERCICIOS:

1. **Sinala neste texto todos os mecanismos de cohesión baseados na recorrencia:**

Un grupo de arqueólogos de Malasia anunciou o descubrimento das ferramentas máis antigas que se coñecen. Unhas machadas de pedra, atopadas o ano pasado no xacemento de Lenggog, foron datadas por un laboratorio xaponés en hai 1,83 millóns de anos.

Os utensilios son a evidencia máis antiga de antepasados dos seres humanos no Sueste Asiático, segundo explicou o director do equipo, Mokhtar Sadin, á AFP, e egadiu que as machadas de man poderían ser obra do Homo eréctus. O fósil máis antigo desa especie descuberta da zona procede da illa Indonesia de Xava, hai 1,7 millóns de anos. Os exemplares máis antigos do mundo atopados até agora son de Xeorxia (1,8 millóns) e da China (1,7 millóns de anos).

Sadin afirmou que “este novo achado de Malasia é máis antigo ca o de Xeorxia, mais a diferenza é que o que atopamos foi a ferramenta e aínda temos que seguir procurando os ósos humanos. O esqueleto humano máis antigo atopado en Malasia é o home de Perak, descuberto en 1991 e de “só” 11 mil anos de antigüidade.

2. **Localiza no fragmento que vén deseguido os casos de paráfrase que aparecen e indica cal é o elemento parafraseado.**

d) Danse casos de recorrencia neste texto?

“O problema da banda deseñada nas bibliotecas galegas é que continúa a se ver coma material para nenos”, explica Daniel Buján, técnico de Bibliotecas da Consellaría de Cultura e gran coñecedor do mundo do cómic. Para alén, este bibliotecario apunta que “ademáis, mesmo na sección infantil só hai clásicos e títulos moi comerciais, unha parte moi pequena do que é a banda deseñada”, completa. Este sentido, destaca que é a ignorancia xeral sobre a novena arte o que dificulta unha mellor representación dos cadriños nestes establecementos. “Moita xente cun certo hábito de lectura pode pensar que a banda deseñada non ten calidade ou que son historias de xénero. E despois nos bibliotecarios hai tamén moito descoñecemento”, completa.

Dun xeito ou doutro, existen en Galicia diferentes iniciativas que están a demostrar que as historias de cadriños teñen grandes posibilidades dentro das nosas bibliotecas. Neste sentido destaca

especialmente a cidade da Coruña, onde tanto a rede de bibliotecas municipais como o centro estatal (a biblioteca González Garcés) manteñen e adquiren de xeito regular fondos deste tipo e promoven a banda deseñada entre os seus usuarios.

3. Detecta os procedementos de cohesión textual mediante substitución presentes neste texto:

b) Analiza tamén se se dan casos de recorrencia ou paráfrase.

Catro deportistas viguesas, Chus Lago, Estela Estévez, Verónica Romeiro e Silvia Rey, afrontarán este mes de febreiro o reto de atravesar os lagos xeados de Laponia para concienciar sobre os efectos do cambio climático e o quecemento global, todo iso co ollo posto nunha próxima expedición a Groenlandia no ano 2017.

As catro participantes nesta aventura presentaron a iniciativa nunha rolda de prensa este xoves, tan só catro días antes de que arranquen o camino que as levará a realizar durante 19 días dúas travesías dun total de 200 quilómetros, unha no lago Inari (Finlandia) e outra no Lago Torneträsk (Suecia).

Neste percorrido son conscientes de que Terán que atravesar un terreo no que se exporán a temperaturas moi baixas –de ata menos 40 graos-, a humidade, malas condicións meteorolóxicas e pouca luz, así como ao factor psicolóxico.

Trátase dunha experiencia coa que pretenden abrir boca de cara a protagonizar en abril de 2017 unha travesía “aínda máis ambiciosa”: cruzar Groenlandia de sur a norte nun percorrido de 1300 quilómetros. De novo o obxectivo desta viaxe para o que todas necesitan experiencia previa no xeo, será apostar pola concienciación sobre o cambio climático, porque “é inminente”.

Chus Lago destacou que non hai ningún “grupo de mulleres en España que se enfrontaran a este tipo de expedición”, “Non se realizou nunca”, asegurou, antes de ratificar que as catro participantes levan oito meses adestrando para iso.

Segundo indicou, elixiu as súas tres acompañantes para ir con ela nesta viaxe porque “buscaba mulleres con calidades como disciplina, acostumadas ao sufrimento deportivo, que fixesen deporte e teñan xerme de deportistas de elite” e que estean “afeitas a perseguir retos e non os soltar”

Noticieiro Galego (noticieirogalego.com)

4. Sinala as elipses que se producen no seguinte fragmento.

a) Indica cal é o elemento elidido e clasifícaas en nominais en nominais e verbais.

Poucos animais tan unidos ao ser humano, dende tempos moi antigos, como o cabalo. Dende vello simboliza o poder, a velocidade, a nobreza. No mundo occidental, tamén o valor, mentres en Oriente se asocia ao lume e ao ceo.

5. Localiza os conectores textuais que haxa neste fragmento e clasifícaos.

a) Que outros procedementos de cohesión textual se dan no primeiro texto?

TEXTO 1:

A pel de moitos peixes, como o rodaballo ou o bacallau, contén compostos xelatinosos que, aínda que son proteínas de menor valor, si resultan agradables ao padal, polo seu particular sabor e pola súa textura. Ademais, segundo a forma de cociñado as peles dos peixes, sobre todo a dos planos (linguado ou meiga), quedan crocantes e adóitanse comer con gusto.

No entanto, é debaixo da pel onde se concentra gran parte das graxas dos peixes. E é xunto á graxa onde tenden a acumularse metais pesados tóxicos como o mercurio. Con todo, os peixes que se adoitan comer con pel son brancos, e apenas teñen graxa (menos de 1 gramo por 100 gramos).

En definitiva, con ou sen pel son dabondo coñecidas as virtudes nutricionais dos diversos peixes: proteínas de alta calidade, graxas insaturadas ricas en omega 3, vitaminas e minerais, entre eles o iodo, que non é fácil atopar nos alimentos de consumo habitual. Por iso, recomendase consumir peixe entre tres e catro veces por semana e, en calquera caso, coa mesma frecuencia ca a carne.

Revista Consumer

TEXTO 2:

Cal é o futuro laboral que se lle presenta ao alumnado que está a piques de rematar Fisioterapia?

A saúde é un sector que profesionalmente permite varias opción. Por unha banda, está o sistema tanto público como privado a través de centros de fisioterapia, hospitais, mutuas, etc. Ademais, unha parte importante dos nosos estudantes o que fan é que se instalan no exercicio libre da profesión e, dende logo, temos que dicir que a todos os que decidiron montar o seu propio negocio vailles moi ben. Teño constancia de varios ex alumnos que comezaron en solitario e que agora xa son empregadores doutros fisioterapeutas pola gran demanda que teñen. Tamén hai que subliñar que os negocios privados funcionan bastante ben porque o sistema público non ten cubertas todas as necesidades e deberíanse ofertar máis prazas tanto en atención primaria como especializada. Considero que é un erro que as institucións deben afrontar canto antes.

Por outra banda, agora tamén existe un mercado laboral incipiente ou, mellor dito, un suposto mercado laboral incipiente que traballa coa dependencia. O que sucede é que a fisioterapia sempre traballou coas persoas dependentes pero agora vaise establecer unha rede de centros de día e de atención onde esperamos que conten cos profesionais que aquí formamos.

Diario da Universidade de Vigo